

# ASOCIACIONISMO XUVENIL

## Creación dunha asociación de estudantes da UDC

- Creación dunha asociación xuvenil
- Requisitos
- Documentos
  - Acta de constitución
  - Estatutos
- Trámites
  - Rexistro da asociación
  - O código de identificación fiscal
- Bolsas e axudas
- Enderezos de interese

## Creación dunha asociación xuvenil

Unha asociación xuvenil é unha organización formada por e para os mozos, que adquiren un compromiso para participar en actividades conxuntas de acordo cuns obxectivos, cuns intereses e cunhas afeccións conxuntas. A través dunha asociación xuvenil poderedes:

- compartir experiencias e opinións con outros mozos
- loitar por uns obxectivos comúns con máis forza e eficacia
- intercambiar intereses e afeccións
- organizar actividades culturais, deportivas, lúdicas, sociais etc.
- potenciar a vida cultural e a participación dos mozos e das mozas na sociedade

En definitiva, poderedes conseguir cumprir con maior eficacia os obxectivos que desexades alcanzar.

## Requisitos

Os requisitos para a creación dunha asociación xuvenil fan referencia, en primeiro lugar, a que os seus socios deben ser maiores de 14 anos e menores de 30, un límite de idade que, en principio, non se pode superar (se for o caso, pódese converter nunha entidade prestadora de servizos á xuventude).

Por outra banda, temos que decidir o tipo de asociación que imos constituír, e faremolo atendendo ao propósito para o que foi creada a asociación: cultural, deportivo, social, de estudantes...

Tamén teremos que fixar uns obxectivos ou unha finalidade, que serán aqueles obxectivos que pretendemos conseguir, por exemplo: "a promoción, a formación, a integración social, a defensa dos dereitos dos mozos e das mozas...".

## Documentos necesarios

### Acta de constitución ou fundacional

Que debe recoller, segundo o art. 6 da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, o nome, os apelidos, a nacionalidade e o enderezo dos promotores ou dos membros fundadores (un mínimo de 5 persoas).

- O acordo de constitución, no cal se recollerán os fins xerais da asociación
- A vontade dos promotores de constituíren unha asociación e o seu nome
- O acordo de aprobación dos Estatutos
- O lugar e a data do outorgamento desta
- O acordo de elección da Xunta Xestora, en que se incluírá o nome, a idade e o DNI
- Deberá ser asinada por todas as persoas fundadoras

### Modelo de acta fundacional

## MODELO II ACTA FUNDACIONAL DA "ASOCIACIÓN ....."

Na localidade de....., o día .... de ..... do ano, ..... ás ..... horas, reúnen-se <sup>1</sup>:

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
con DNI \_\_\_\_\_ veciño/a de \_\_\_\_\_, rúa, lugar  
\_\_\_\_\_ núm. \_\_\_\_\_ CP \_\_\_\_\_, concello \_\_\_\_\_  
provincia \_\_\_\_\_ e con nacionalidade \_\_\_\_\_  
Vinculación coa Universidade de A Coruña \_\_\_\_\_

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
con DNI \_\_\_\_\_ veciño/a de \_\_\_\_\_, rúa, lugar  
\_\_\_\_\_ núm. \_\_\_\_\_ CP \_\_\_\_\_, concello \_\_\_\_\_  
provincia \_\_\_\_\_ e con nacionalidade \_\_\_\_\_  
Vinculación coa Universidade de A Coruña \_\_\_\_\_

<sup>1</sup> Para constituír unha asociación precísanse tres ou máis persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, legalmente constituídas. As **persoas físicas** deberán acreditar a súa identidade remitindo unha copia do seu DNI e as **persoas xurídicas** unha certificación do acordo, validamente adoptado polo órgano competente, en que apareza a vontade de constituír a asociación e de formar parte dela. Así mesmo, remitirán a designación da persoa física que a representará, que tamén deberá acreditar a súa identidade coa remisión dunha copia do DNI. A **persoa xurídica** deberá demostrar a súa personalidade por calquera medio que for admitido en dereito.

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
con DNI \_\_\_\_\_ veciño/a de \_\_\_\_\_, rúa, lugar  
\_\_\_\_\_ núm. \_\_\_\_\_ CP \_\_\_\_\_, concello \_\_\_\_\_  
provincia \_\_\_\_\_ e con nacionalidade \_\_\_\_\_  
Vinculación coa Universidade de A Coruña \_\_\_\_\_

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
con DNI \_\_\_\_\_ veciño/a de \_\_\_\_\_, rúa, lugar  
\_\_\_\_\_ núm. \_\_\_\_\_ CP \_\_\_\_\_, concello \_\_\_\_\_  
provincia \_\_\_\_\_ e con nacionalidade \_\_\_\_\_  
Vinculación coa Universidade de A Coruña \_\_\_\_\_

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
con DNI \_\_\_\_\_ veciño/a de \_\_\_\_\_, rúa, lugar  
\_\_\_\_\_ núm. \_\_\_\_\_ CP \_\_\_\_\_, concello \_\_\_\_\_  
provincia \_\_\_\_\_ e con nacionalidade \_\_\_\_\_  
Vinculación coa Universidade de A Coruña \_\_\_\_\_

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
con DNI \_\_\_\_\_, que actúa en representación da entidade <sup>2</sup>  
\_\_\_\_\_,  
con CIF núm. \_\_\_\_\_ e con domicilio social na rúa, lugar \_\_\_\_\_  
núm. \_\_\_\_\_ CP \_\_\_\_\_, concello \_\_\_\_\_ provincia \_\_\_\_\_  
e con nacionalidade \_\_\_\_\_  
Vinculación coa Universidade de A Coruña \_\_\_\_\_

Todos eles maiores de idade <sup>3</sup> e con capacidade de obrar,

ACORDAN:

1. Constituír unha asociación sen ánimo de lucro, de conformidade coa vixente Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e de acordo co RD 397/1988, de 22 de abril (BOE núm. 102, de 28 de abril), no caso de asociacións de carácter xuvenil, denominada \_\_\_\_\_, que desenvolverá preferentemente as súas actividades no ámbito autonómico/provincial/local<sup>4</sup> e que terá o seu enderezo en \_\_\_\_\_<sup>5</sup>. Os fins principais da asociación serán:

<sup>2</sup> Consignarase a denominación ou a razón social da persoa xurídica promotora en cuestión.

<sup>3</sup> Para as asociacións xuvenís reguladas polo Real decreto 397/1988, de 22 de abril (BOE de 24-04-88), a idade das persoas integrantes deberá estar comprendida entre os 14 anos cumpridos e os 30 sen cumprir. Tamén lles será de aplicación a LO 1/1996, de protección xurídica do menor.

<sup>4</sup> Rísquense os que non procedan.

<sup>5</sup> Un enderezo completo.

- a.- A promoción da Educación Superior
- b.- A promoción da cultura e o deporte
- c. - A defensa de bens culturais e universitarios
- d.- A participación na vida orgánica da Universidade
- e.- O desenvolvemento científico, cultural ou artístico
- f. - A preparación para o exercicio de actividades profesionais
- g.- A defensa dos dereitos e dos intereses dos alumnos

2. Consensuar os Estatutos por que se vai rexer a asociación, que serán lidos neste mesmo acto e que serán aprobados pola unanimidade das persoas asistentes. Os Estatutos incorpóranse como documento anexo a esta acta.

3. Elixir o órgano provisional de goberno da asociación, que estará composto polas persoas que se relacionan de seguido. Estas persoas estarán facultadas para a tramitación da inscrición da asociación no rexistro correspondente de asociacións:

Presidente/a: D./D.<sup>a</sup> ..... DNI núm. ....  
 ..... con enderezo en ..... localidade  
 ..... , con teléfono .....

Vicepresidente/a: D./D.<sup>a</sup> ..... DNI núm. ....  
 ..... con enderezo en ..... localidade  
 ..... , con teléfono .....

Secretario/a: D./D.<sup>a</sup> ..... DNI núm. ....  
 ..... con enderezo en ..... localidade  
 ..... , con teléfono .....

Tesoureiro/a: D./D.<sup>a</sup> ..... DNI núm. ....  
 ..... con enderezo en ..... localidade  
 ..... , con teléfono .....

Vogais:

1º.- D./D.<sup>a</sup> ..... DNI núm. .... con  
 enderezo en ..... localidade ..... , con  
 teléfono .....

2º.- D./D.<sup>a</sup> ..... DNI núm. .... con  
 enderezo en ..... localidade ..... , con  
 teléfono .....

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión, cando son as ..... horas do día .....

## **Sinatura de todos os promotores ou fundadores:**

PRESIDENTE

VICEPRESIDENTE

SECRETARIO

TESOUREIRO

VOGAL 1º

VOGAL 2

### **Estatutos**

Os Estatutos deben incluír, segundo o art. 7 da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, cando menos:

- A denominación da asociación, que non pode ser idéntica a outra asociación xa rexistrada
- O enderezo principal e o seu ámbito territorial (local, provincial, autonómico ou estatal)
- A duración, cando non se constituír por tempo indefinido
- Os seus fins específicos e as actividades que vai realizar
- Como será o procedemento de admisión dos socios e a perda desta condición, así como os seus dereitos e os seus deberes
- Os criterios para preservar o funcionamento democrático da asociación
- Os órganos directivos e de representación desta: composición, formas de elección e de cesamento...
- O réxime de administración, de contabilidade e de documentación, e a data de peche do exercicio
- O patrimonio inicial e os recursos económicos previstos. Os medios de financiamento e o límite anual do orzamento
- As causas de disolución e o destino do patrimonio social, se for o caso
- Calquera outra que se considere oportuna

# GUÍA PARA A REDACCIÓN DOS ESTATUTOS DUNHA ASOCIACIÓN DE ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA<sup>6</sup>

## CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

**Artigo 1º.-** Constitúese en \_\_\_\_\_ unha asociación sen ánimo de lucro que se denominará<sup>7</sup> ASOCIACIÓN

A asociación rexeráse polos presentes Estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións, a Lei orgánica 6/2001 do 21 de decembro, de Universidades, os Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, o Regulamento de Asociacións de Estudantes da Universidade da Coruña, aprobado polo Consello de Goberno na súa reunión do 19 de decembro de 2005, e Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle for aplicable.

**Artigo 2º.-** Son fins principais da asociación:

- a.- A promoción da Educación Superior.
- b.- A promoción da cultura e o deporte.
- c.- A defensa de bens culturais e universitarios.
- d.- A participación na vida orgánica da Universidade.
- e.- O desenvolvemento científico, cultural ou artístico.
- f. - A preparación para o exercicio de actividades profesionais ou outros análogos.
- g.- Defensa dos dereitos e dos intereses do alumnado.

**Artigo 3º.-** Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar as seguintes actividades:

- a.-
- b.-
- c.-

Como unha asociación sen ánimo de lucro, destinarase para estes fins, polo menos, o setenta por cento das rendas netas e dos outros ingresos que se obteñan por calquera concepto, excepto as contribucións efectuadas en concepto de doazón patrimonial. Os asociados e os seus familiares non serán os principais destinatarios das actividades que realizará a asociación.

**Artigo 4º.-** O enderezo principal<sup>8</sup> e permanente da asociación situarase na localidade de \_\_\_\_\_, rúa de \_\_\_\_\_, núm. \_\_\_\_\_,

<sup>6</sup> As asociacións sen ánimo de lucro de tipo xeral poden ser de varias clases segundo os seus fins: recreativas, asistenciais, de veciños, culturais, cívicas, educativas, de cooperación para o desenvolvemento, de defensa ambiental, ONG, de fomento da investigación, de promoción social ou outros análogos. Diferéncianse das de tipo particular como as profesionais, as relixiosas, as deportivas ou as políticas, que se rexen por outra normativa. As asociacións de ámbito autonómico realizan actividades no territorio da comunidade e inscríbense no Rexistro Central de Asociacións. Caso de ser unha asociación con actuacións a nivel provincial, inscribírase no Rexistro Provincial da Delegación da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

<sup>7</sup> A denominación incluírá sempre a palabra “asociación”, a que seguirá, necesariamente, o tipo de asociación (recreativa, cultural, de veciños etc.), a finalidade principal e, optativamente, outro nome con que desexe complementar a denominación.

CP \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_, apdo. de correos \_\_\_\_\_, correo electrónico \_\_\_\_\_.

Poderanse utilizar outros locais asociativos adicionais noutras cidades, mediante un acordo da Xunta Directiva, que terá as atribucións para mudar, tanto o enderezo como os locais, despois de dar conta do seu acordo ao organismo encargado do rexistro das asociacións. Para os efectos das comunicacións e das notificacións, sinálase como o preferente o seguinte enderezo:

Enderezo: \_\_\_\_\_ Localidade: \_\_\_\_\_

CP \_\_\_\_\_

Teléfono 1: \_\_\_\_\_

Teléfono 2: \_\_\_\_\_

Fax: \_\_\_\_\_

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Apartado de correos: \_\_\_\_\_

**Artigo 5º.-** A asociación, en función dos seus fins e da situación do seu enderezo social, exercerá, fundamentalmente, as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Artigo 6º.-**

1. A duración desta asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, de acordo con estes Estatutos, por vontade dos asociados expresada nunha Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.
2. A asociación rexerese segundo os principios democráticos que se conteñen no marco da Constitución e no resto do ordenamento xurídico. Así mesmo as actuacións da asociación deberán desenvolverse nun clima de liberdade e autonomía funcional e, no exercicio das súas actividades deberá respectar os dereitos fundamentais do resto de membros integrantes da comunidade universitaria e favorecer o pleno desenvolvemento académico, persoal e intelectual do alumnado no seu conxunto.

## **CAPÍTULO II DOS SOCIOS**

**Artigo 7º.-** Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas ou xurídicas, con plena capacidade de obrar ou tras o acordo da Xunta Directiva, que compartan os fins da asociación e que cumpran os seguintes requisitos: *(as Asociacións de Estudantes da Universidade da Coruña deberán contar polo menos con 3 socios).*

- a) A maioría dos socios desta asociación deberán posuír a condición de estudantes.

---

<sup>8</sup> Caso de utilizar un local social doutra titularidade, terá que se acreditar a autorización de uso correspondente e debidamente asinada.

**Artigo 8º.-** Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de persoas asociadas:

- a) Fundadores: aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional.
- b) Numerarios: aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional.
- c) Honorarios: aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ao desenvolvemento dos fins da asociación.
- d) Xuvenís: aquelas persoas entre 14 e 30 anos que, dado o caso, poderán integrar a sección xuvenil da asociación.

**Artigo 9º.-** Os asociados e as asociadas teñen os seguintes dereitos:

1. Tomaren parte nas asembleas con voz e con voto.
2. Poderen elixir e seren elixidos para os cargos directivos.
3. Tomaren parte en cantas actividades organice a asociación en cumprimento dos seus fins.
4. Gozaren de todas as vantaxes e dos beneficios que a asociación poida obter.
5. Teren unha copia destes Estatutos.
6. Seren informados sobre a composición da Xunta Directiva.
7. Recibiren información sobre os acordos adoptados polos órganos da asociación.
8. Faceren suxestións aos membros da Xunta Directiva en orde de mellorar o cumprimento dos fins da asociación.
9. Coñeceren o estado das contas e dos ingresos e dos gastos da asociación todos os anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.

**Artigo 10º.-** Son obrigas dos asociados e das asociadas:

1. Prestaren cantos servizos determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das asembleas xerais.
2. Desempeñaren os cargos para os que foren elixidos.
3. Asistiren ás asembleas xerais.
4. Satisfaceren as cotas que se establezan.
5. Observaren unha boa conduta individual e cívica.
6. Cumpriren os acordos da Asemblea Xeral e o contido dos Estatutos.



**Artigo 11º.-** Os asociados e as asociadas honorarios e infantís non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación desta, mais estarán facultados para asistir en ás asembleas xerais, con voz mais sen voto.

**Artigo 12º.-** Os acordos de admisión dos asociados e das asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez que reciba a petición escrita da persoa que desexa ser admitida. Caso de menores de idade e de persoas que actúen a través dun representante, a solicitude deberá ser autorizada polo representante, polo pai ou polo titor da persoa solicitante e achegarase unha acreditación da identidade da persoa que solicita a admisión.

**Artigo 13º.-** A condición de asociado pérdese:

1. Por vontade propia.
2. Pola falta de pagamento nas cotas.
3. Pola realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación.
4. Por un expediente disciplinario.

**Artigo 14º.-** A expulsión dos asociados e das asociadas será acordada pola Xunta Directiva, despois da audiencia do/a interesado/a. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Cando a baixa se produza por vontade dun/unha asociado/a, este/a deberá realizar unha petición escrita e procederá ao pagamento de todas as cotas que teña pendentes.

**Artigo 15º.-** Os/as asociados/as poderán pedir a separación temporal por escrito. A Xunta Directiva poderá acordar a separación temporal dun asociado se estiver a tramitar un expediente sancionador ou cando concorran unhas causas xustificadas que o aconsellen, como o retraso no pagamento dalgunha cota ou comportamentos que afecten ao bo funcionamento dalgún dos fins da asociación. O expediente sancionador recollerase no Regulamento de Réxime Interno mais, en todo o caso, a resolución poderase recorrer perante a xurisdición ordinaria.

## **CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

**Artigo 16º.-** A dirección e a administración da asociación serán exercidas polo presidente, pola Xunta Directiva e pola Asemblea Xeral.

**Artigo 17º.-** O presidente da asociación asumirá a representación legal desta, executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e pola Asemblea Xeral e presidirá as sesións que celebraren unha e outra.

O presidente será designado pola Asemblea Xeral entre os socios que teñan, polo menos, un ano de antigüidade e o seu mandato durará 4 anos.

**Artigo 18º.-** A Xunta Directiva estará formada por un presidente, vicepresidente, secretario, tesoureiro e tres vogais, estes cargos deberán recaer en asociados/as que leven, polo menos, un ano na asociación. Así mesmo, entre os membros da Xunta Directiva hai estudantes da Universidade da Coruña segundo se recolle no artigo 5 do Regulamento de asociación de estudantes da UDC.

**Artigo 19º.-** Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a seren reembolsados os gastos debidamente xustificadas, e deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade por si propios ou por persoa interposta.

Os cargos elixiranse pola Asemblea Xeral e durarán un período de 4 anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

Os cargos da Xunta Directiva renovaranse por metade. Na primeira quenda serán renovados o vicepresidente, o tesoureiro e un vogal. Na segunda, o ano seguinte, renovaranse o presidente, o secretario e os outros dous vogais. O primeiro mandato dos cargos da segunda quenda de renovación durará un ano máis. O persoal de secretaría, se o houber, será nomeado pola Xunta Directiva, que acordará, ademais, a súa retribución.

**Artigo 20º.-** É unha función da Xunta Directiva a programación e a dirección das actividades asociativas, levará a xestión administrativa e económica da asociación e someterá a aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e de gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

Así mesmo procederá a convocar e a fixar a data da Asemblea Xeral, a fixar as cotas ordinarias e extraordinarias que se aprobar, a designar as comisións de traballo ou as seccións que se estimar oportunas para o bo funcionamento da asociación, a ditar as normas interiores de organización e a exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral. Corresponderalle tamén todas aquelas outras actividades que lle foren transferidas pola Asemblea.

**Artigo 21º.-** A Xunta Directiva realizará as súas sesións cantas veces o determine o presidente ou o vicepresidente, por iniciativa propia ou por petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo presidente e, na súa ausencia, polo vicepresidente ou polo secretario, por esta orde. Caso de faltaren os dous, será presidida polo membro da Xunta que teña máis idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, e será necesaria a concorrencia, polo menos, de seis dos seus membros. Caso de empate, decidirá o voto do presidente.

O secretario ou, no seu defecto, o vicepresidente, levantará a acta das sesións, que se transcribirá ao libro de actas.

**Artigo 22º.-** Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar destas as informacións que foren necesarias. Formarán parte destas comisións o número de vogais que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes.

Cando as necesidades o aconsellaren, a Xunta Directiva poderá acordar que as comisións se desdobre en subcomisións.

**Artigo 23º.-** A Asemblea Xeral de asociados e de asociadas é o órgano de expresión da vontade da asociación e estará formada por todos os integrantes desta. O presidente e o secretario da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

**Artigo 24º.-** A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario, como mínimo, unha vez ao ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso, realizarase por medio dun escrito que se dirixirá ao presidente, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, en que se exporán o motivo da convocatoria e a orde do día.

**Artigo 25º.-** A Asemblea Xeral ordinaria reunirse, necesariamente, dentro dos seis primeiros meses de cada ano. Tanto a Asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a presidente/a da Xunta Directiva.

A notificación farase nos locais da asociación, para as asembleas ordinarias, e nos enderezos dos asociados, para as asembleas extraordinarias.

**Artigo 26º.-** Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

1. Aprobar a acta da reunión anterior
2. Aprobar o plano de actividades

3. Examinar e aprobar a memoria de actividades
4. Examinar e aprobar as contas e os balances do exercicio anterior
5. Aprobar os orzamentos de ingresos e de gastos para cada exercicio
6. Examinar e aprobar as cotas

**Artigo 27º.-** Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

1. Modificar os Estatutos da asociación
2. Elixir os integrantes da Xunta Directiva
3. Aprobar a federación con outras asociacións
4. Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais
5. Acordar a disolución da asociación
6. Designar os/as liquidadores/as
7. Ratificar a expulsión dos asociados e das asociadas a proposta da Xunta Directiva
8. Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación
9. Aprobar o Regulamento de Réxime Interno da asociación
10. As que, a pesar ser de competencia da Asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou de necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación
11. Todas as que non se confiran expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou á Xunta Directiva

**Artigo 28º.-** Para que as asembleas poidan tomar acordos, integraranse polos/as asociados/as asistentes, sempre que concorran a metade máis un do total da primeira convocatoria ou despois de ter transcorrida media hora na segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

**Artigo 29º.-** Os acordos adoptados deberán contar co voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou dos representados, agás os relativos aos apartados do 1 ao 7 do artigo 27, que requirirán unha maioría de dous terzos. A continuación, levaranse os acordos ao libro de actas e asinarán o/a presidente e o/a secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión que celebre a Asemblea Xeral e aprobada por maioría.

**Artigo 30º.-** Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a todos/as os/as asociados/as, mesmo a aqueles que non asistan. As sesións abriranse cando así o determinar o presidente. Seguidamente, o/a secretario/a procederá á lectura da acta da Asemblea anterior, que deberá ser aprobada. Posteriormente, o/a secretario/a procederá a introducir a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que corresponder, procedéndose á aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se tratar. Unha vez que se rematen todos os asuntos da orde do día procederase, se a presidencia o considerar oportuno, ou se o solicitar un 10% dos asociados inscritos no libro de membros, a facer

unha quenda de rogos e suxestións e á adopción dos acordos. Concluída esta quenda, o presidente levantará a sesión.

**Artigo 31º.-** Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou que infrinxan os fins da asociación, poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

**Artigo 32º.-** O presidente da Xunta Directiva terá, ademais das facultades consignadas no artigo 17º, as seguintes atribucións:

- a) Presidir e levantar as sesións que realizaren a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e doutra, decidindo con voto de calidade, caso de empate
- b) Propor o plano de actividades da asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas
- c) Ordenar os pagamentos acordados validamente
- d) Representar a asociación perante calquera organismo público ou privado
- e) Asinar as actas, os certificados, os pagamentos e os outros documentos da asociación, xunto co secretario ou co membro da Xunta Directiva a quen corresponder a elaboración do documento de que se tratar

O presidente será asistido nas súas funcións por un vicepresidente que, ademais, o substituirá no caso de vacante, de ausencia ou de enfermidade.

**Artigo 33º.-** O secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro de rexistro asociados e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Corresponderalle, así mesmo, a notificación das convocatorias, a custodia das actas e a expedición das certificacións destas, co visto e praxe do presidente. Ao secretario correspóndelle, tamén, levar o inventario dos bens da asociación nun libro establecido para o efecto.

**Artigo 34º.-** O tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento das ordes de pagamento que expida o presidente, dirixirá a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, e participará en todas as operacións de orde económica.

O tesoureiro ten a obriga de proceder ao peche do exercicio orzamentario antes do 15 de decembro, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da asociación nos quince días anteriores á realización da Asemblea ordinaria.

**Artigo 35º.-** Os vogais, no número que determine a Asemblea Xeral, terán as seguintes atribucións:

1. Realizar os programas e as propostas na súa área de actuación
2. Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva

## **CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO**

**Artigo 36º.-** A asociación, no momento de iniciar as súas actividades, dispón dun patrimonio de \_\_\_\_\_ euros. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

**Artigo 37º.-** A asociación funcionará en réxime de orzamento anual. O tesoureiro da asociación elaborará o borrador do orzamento, polo que o deberá ter preparado antes do un de xaneiro de cada ano, co fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral ordinaria.

**Artigo 38º.-** A asociación manterase a través dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas dos/as asociados/as
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e que sexan aprobadas pola Asemblea
3. As doazóns ou as subvencións que poidan conceder os órganos públicos, as entidades privadas ou os particulares
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas

**Artigo 39º.-** As cotas ordinarias acórdanse pola Asemblea Xeral ordinaria, por proposta da Xunta Directiva, non serán reintegrables en ningún caso e a serán dedicadas a atender as necesidades da asociación.

**Artigo 40º.-** Con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas e formalizaranse nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as durante un prazo non inferior a 15 días antes do sinalado para a realización da Asemblea Xeral ordinaria, que o deberá aprobar ou censuralo.

**Artigo 41º.-** Anualmente, no tempo que establece o artigo 25, será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral ordinaria.

**Artigo 42º.-** Para a disposición dos fondos das entidades bancarias onde a asociación os teña depositado, o presidente e o tesoureiro terán recoñecidas as súas sinaturas na entidade bancaria correspondente, para a utilización conxunta deles.

**Artigo 43º.-** Como unha entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos que a asociación obtiver.

## **CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

**Artigo 44º.-** O Regulamento de Réxime Interno, se for o caso, desenvolverá aquelas materias que os presentes Estatutos non recollan directamente. Non poderá ir, en ningún caso, en contra do estipulado nestes. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

## **CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

**Artigo 45º.-** Os presentes Estatutos poderanse modificar a proposta da Xunta Directiva ou dunha cuarta parte dos socios. A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas e establecerase un prazo de 7 días para que calquera socio/a poida dirixir á secretaria as propostas e as emendas que estimar oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e entregaranse cunha antelación mínima de 3 días antes da súa realización.

**Artigo 46º.-** Para ser aprobada a reforma dos Estatutos, será necesario o voto favorable de dous terzos dos membros da Asemblea Xeral de socios.

**Artigo 47º.-** A asociación disolverase polas seguintes causas:

1. Pola vontade dos/das asociados/as, acordada por dous terzos deles
2. Por outras causas determinadas legalmente
3. Por unha sentenza xudicial

**Artigo 48º.-** De se acordar a disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores que, xunto co/coa presidente e co/coa tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, ao pagamento das débedas, ao cobro dos créditos e á fixación do haber líquido resultante.

**Artigo 49º.-** O haber resultante unha vez que se efectúe a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa inscrita na comunidade autónoma, que teña os mesmos ou similares fins aos desta asociación.

O xustificante da doazón será presentado no rexistro de asociacións correspondente, para proceder á inscrición da disolución da asociación.

## Trámites

A partir da data que aparece na Acta Constitucional, haberá un prazo de 5 días hábiles para facer o rexistro da asociación. O rexistro efectuarase entregando a seguinte documentación na delegación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:

- Unha instancia, por duplicado, en que se solicita a inscrición da asociación no Rexistro da Consellería. A instancia dirixirase ao Ilmo./a. Delegado/a Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, se a asociación ten un ámbito provincial, ou ao Ilmo./a. Sr./Sra. Director/a Xeral de Interior da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, se a asociación ten un ámbito autonómico. Dirixirase ao ministro de Interior se a asociación é de ámbito estatal.

- Dúas copias da Acta Fundacional e dos Estatutos, asinadas en todas as súas follas polos socios fundadores.

- [Modelo de solicitude da inscrición da constitución da asociación](#)

(Instancia ao delegado provincial ou autonómico)

Tamén é necesario solicitar nas delegacións do Ministerio de Facenda un impreso para pedir o CIF, que deberá ser acompañado con: unha fotocopia dos Estatutos legalizados, da Acta Fundacional e do DNI da persoa que representa a asociación. Esta documentación será entregada no prazo de 30 días despois da inscrición no rexistro.

[Modelo de solicitude do NIF](#) 

[Instrucións para cumprimentalo](#) 

Lembrede que podeades pedir a exención do IVE se formades parte dunha asociación sen ánimo de lucro.

Despois de ter realizado estes trámites, a asociación xa está legalizada. Lembrede que os libros de socios, as actas e as cotas poden selarse no Goberno Civil ou no Xulgado.

Un último paso é a inscrición no Censo de entidades xuvenís e prestadoras de servizos á mocidade, na Dirección Xeral de Xuventude, caso de querer optar ás subvencións que concede a Xunta de Galicia.

[Continuación no censo de entidades xuvenís](#) 

Modelos de inscrición da asociación:

- [Documentación necesaria para a tramitación da inscrición de asociacións](#)
  
- [Modelo de solicitude de inscrición da constitución da asociación](#)

<http://www.xunta.es/conselle/xi/dxipcxogomodelos.htm>



## MODELO I

PROCEDEMENTO <b>INSCRIPCIÓN DA CONSTITUCIÓN DE ASOCIACIÓNS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>X1710A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

Don/Dona \_\_\_\_\_  
(DNI \_\_\_\_\_),  
cargo que ocupa na  
asociación \_\_\_\_\_  
actuando en representación da  
asociación \_\_\_\_\_  
con  
endereço \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, correo electrónico \_\_\_\_\_  
e NIF \_\_\_\_\_

### EXPÓN:

Que para darlle cumprimento ao que dispón o artigo 10 da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, que regula o dereito de asociación, achega coa presente solicitude:

- a Acta Fundacional, que inclúe os Estatutos por duplicado exemplar, asinada por todos os promotores
- unha copia do DNI dos promotores, se son persoas físicas e, de seren persoas xurídicas, un certificado do acordo adoptado polo órgano competente en que apareza a vontade de constituír a asociación e de formar parte dela, así como a designación da persoa física que a representará
- un xustificante do pagamento da taxa administrativa

### SOLICITA:

Que, de conformidade co establecido no artigo 22 da Constitución, e conforme á documentación presentada, inscriba a asociación denominada:

\_\_\_\_\_

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

**ESTATAL:** Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo  
Real decreto 1497/2003, de 28 de  
novembro  
**AUTÓNOMICA:** Decreto 336/1996, de 13 de  
setembro  
Decreto 276/1997, de 25 de  
setembro

SINATURA DO SOLICITANTE

de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	Núm. EXPTE.
	DATA DE ENTRADA
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
SAÍDA	DATA DE

**ILMO./A. SR./SRA. DELEGADO/A PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DE \_\_\_\_\_**  
ou, se for de ámbito autonómico:

**ILMO./A. SR./SRA. DIRECTOR/A XERAL DE INTERIOR  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DE \_\_\_\_\_**

## Asociacionismo: consellos prácticos

Para un funcionamento adecuado e organizado da asociación, é conveniente levar ao día:

- o Libro de Socios (altas e baixas)
- o Libro de Actas, onde se reflectirán os acordos que se resolvan nas asembleas
- o Libro de Contas (ingresos e gastos)

### **SUBVENCIONES**

Normalmente, as administracións públicas teñen unhas partidas orzamentarias destinadas ao fomento do asociacionismo, segundo as súas competencias territoriais. Segundo sexa o ámbito territorial de actividade da vosa asociación, poderedes solicitar axudas a:

- o concello
- a deputación provincial
- a consellería correspondente da vosa comunidade autónoma. En Galicia, as competencias en materia de asociacións xuvenís corresponden á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude
- o Instituto da Xuventude (INJUVE), só se a asociación for de ámbito estatal

## **Bolsas e axudas**

As diversas administracións convocan diferentes axudas que saen publicadas nos seus boletíns. Se non podes consultalos, achégate polas oficinas ou polos puntos de información xuvenil, de que nós formamos parte.

Por último, cómpre inscribir a asociación nos diferentes censos galegos de asociacións porque, normalmente, á hora de optar a unha axuda, é necesario que a asociación estea inscrita no censo específico do organismo que concede da subvención.

Como mínimo, deberías inscribirte no Censo de entidades xuvenís e prestadoras de servizos á mocidade, da Dirección Xeral de Xuventude.



PROCEDEMENTO <b>INSCRICIÓN REXISTRO DE ASOCIACIÓNS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR308A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

DON / DONA	DNI	
MAIOR DE IDADE, VECIÑO/A DE		
CON DOMICILIO NA RÚA	Nº	TELÉFONO

**EXPÓN:**

Que no seu nome e no dos demais asociados promotores da asociación denominada "Asociación \_\_\_\_\_"  
" e para dar cumprimento ó disposto no artigo 5 da Lei de asociacións, xunta ó presente escrito, dúas  
actas fundacionais asinadas por tódolos promotores e dous estatutos asinados en cada páxina por un mínimo de 3 asociados.

**SOLICITA:**

Que, de conformidade co establecido no artigo 22 da Constitución e conforme á lexislación vixente e á documentación  
presentada, inscriba a asociación denominada: "Asociación \_\_\_\_\_"

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>ESTATAL: Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo.</i> <i>AUTONÓMICA: Decreto 336/1996, do 13 de setembro.</i> <i>Decreto 276/97, do 25 de setembro.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOAA QUE O REPRESENTA   de de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

- Ilmo/a. Sr/a. Delegado/a Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de \_\_\_\_\_  
ou, se é de ámbito autonómico
- Ilmo/a. Sr/a. Director/a Xeral de Interior  
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

(Marque o que proceda)

## Enderezos de interese

[Imprimir](#) 

Consello da Xuventude de Galicia  
Fonte de San Antón 25 1º 15702  
Santiago de Compostela  
Teléf.: 902 157 527

## Inscripción de asociacións

- Rexistro Nacional de Asociacións. Amador dos Ríos núm. 7. 28010 Madrid. Teléf.: 912 537 25 02
- Rexistro autonómico de asociacións da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:
  - Rúa Roma s/n. Fontiñas. 15703 Santiago. Teléf.: 981 546 442.
  - Fernando Macías, 18-20, 1º. 15071 A Coruña Teléf.: 981 185 973.
  - Edif. Adm. Ronda da Muralla núm. 70. 27071 Lugo. Teléf.:982 294 332
  - Camiño Prado Lonia s/n 32004 Ourense Teléf.: 988 386 412
  - Gagos Mendoza núm. 2, 2º. Pontevedra. Teléf.: 986 846 550
  
- Censos galegos municipais de asociacións

Censo de entidades xuvenís e prestadoras de servizos á mocidade:

- Dirección Xeral de Xuventude. Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado. Edif. Advo. San Caetano. Santiago de Compostela. Teléf.: 981 569 560 / 902 157 527
- Rexistro de Asociacións protectoras do Medio Ambiente. Consellería de Medio Ambiente, Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental, Departamento de Educación e Información Ambiental
- Rexistro de entidades de promoción do Camiño de Santiago

# ASOCIACIONISMO XUVENIL

## LEXISLACIÓN

LO 1/2002, de 22 de marzo ( BOE núm. 73, de 26 de marzo), reguladora do Dereito de Asociación

Decreto 50/2000, de 20 xaneiro (DOG núm. 49, de 10 de marzo de 2000), que refunde e actualiza a normativa vixente

Decreto 276/1997, de 25 de setembro (DOG núm. 194, de 8-10-97), que crea o Rexistro Central de Asociacións

Orde de 26 de setembro de 1996 (DOG núm. 191, de 30-09-96), que atribúe o exercicio das funcións en materia de asociacións

Decreto 336/1996, de 13 de setembro (DOG núm. 182, de 17-09-96). Asunción de funcións pola comunidade

Real decreto 1639/1996, de 5 xullo (DOG núm. 149 do 31-07-96), que traspasa as funcións do Estado á Comunidade

Real decreto 397/1988, de 22 de abril (BOE núm. 102, de 28-04-88), inscrición no rexistro

Real decreto 713/1977, de 1 abril (BOE núm. 96, de 22-04-77), sobre as denominacións das asociacións

Orde de 10 xullo do 1965 (BOE núm. 175, de 23-07-65), sobre o funcionamento dos rexistros

Decreto 1440/1965, de 20 maio (BOE núm. 135, de 7-06), complementa a Lei 191

Lei 191/1964, de 24 de decembro (BOE núm. 102, de 28-04)

Real decreto 1497/2003, de 28 de novembro